

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Docente

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016285	CIFP de Vilamarín	Vilamarín	2025/2026

### Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao			
Graos D: Ciclos formativos	D2HOT000100 - Cociña e gastronomía	CM			
Módulo					
MP1710 - Itinerario persoal para a empregabilidade II (2º)					
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo		
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A		
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
2	50	60	50	26	

### Etiquetas

### Profesorado responsable

Docentes
Domínguez Gómez, Ana Belén

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	3
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	10
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	22
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	22
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	24
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	24
8.1. Programación da educación en valores.	24
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	25
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	25
11.1. Outros apartados.	25

## 1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

No Decreto 218/2008 establécese o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente o Título de Técnico en Cociña e Gastronomía.

O módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade contén a formación necesaria para a incorporación do alumnado á vida activa, ben mediante a inserción no mercado laboral asumindo responsabilidades e funcións no emprego por conta allea, ou ben creando o seu propio posto de traballo a través da actividade emprendedora, o que levaría á posta en marcha dun negocio no sector de servizos de restauración.

OBXECTIVOS XERAIS:

j) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

k) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas e crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.

l) Recoller información e adquirir coñecementos para recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, canto á innovación e á actualización no ámbito do traballo propio.

m) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

n) Recoñecer e identificar posibilidades de negocio analizando o mercado e estudando a viabilidade, para a xeración do propio emprego.

### COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- Elaborar a documentación técnica e administrativa consonte a regulamentación, a normativa e os requisitos da clientela.
- Integrarse na organización da empresa colaborando na consecución dos obxectivos participando no grupo de traballo con actitude respectuosa e tolerante.
- Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable.

### METODOLOXÍA

Nas sesións teóricas explicaranse os conceptos teóricos básicos para que posteriormente o grupo de traballo realice cada fase. O profesor fará un seguimento continuo do traballo realizado para a súa corrección. Propiciarase que o alumnado traballe en grupo para fomentar o traballo en equipo e mellorar os resultados. Esta metodoloxía seguirase utilizando en canto o profesor vexa resultados positivos e o alumnado amose unha actitude positiva cara ó proxecto. De non observarse dita actitude procederase a outra metodoloxía, que no seu momento se valorará.

## 2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	A BÚSQUEDA DE EMPREGO.	Explícanse e póñense en marcha estratexias nos procesos selectivos de empresa.	14	4
2	COMPETENCIAS PERSOAIS E SOCIAIS.	Aplícanse relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade.	14	4
3	O EMPRENDAMENTO: EMPRENDEDORES, INNOVACIÓN	Desenvólvense procesos de innovación aplicados ao sector produtivo estudado cara un modelo sostible.	14	4

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
3	E HABILIDADES EMPRENDEDORAS.	Desenvólvense procesos de innovación aplicados ao sector produtivo estudado cara un modelo sostible.	14	4
4	A EMPRESA E O SEU CONTORNO. IDEA EMPRENDEDORA. MARKETING	Identifícanse e válídanse ideas de emprendemento.	24	6
5	PROXECTO SOCIAL E SOSTIBLE. FORMAS XURÍDICAS, VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCEIRA.	Desenvólvese un proxecto emprendedor.	24	7
6	EMPRESA.	Formación na empresa.	10	1

## 2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	A BÚSQUEDA DE EMPREGO.	4

Crterios de avaliación	IA	%
<b>RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral</b>		
CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.	PE	35
CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.	PE	35
CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.</b>
Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.
Actualización de currículum vítae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.
Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.
Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.
Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

UD	Título da UD	Duración
2	COMPETENCIAS PERSOAIS E SOCIAIS.	4

Craterios de avaliación	IA	%
<b>RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade</b>		
CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.	PE	20
CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.	PE	17
CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.	PE	17
CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.	PE	16
CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.	PE	20
CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.</b>
Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.
A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.
Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.

UD	Título da UD	Duración
3	O EMPRENDEMENTO: EMPRENDEDORES, INNOVACIÓN E HABILIDADES EMPRENDEDORAS.	4

Craterios de avaliación	IA	%
<b>RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un</b>		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
<b>modelo sostible.</b>		
CA3.1 - Identifícase o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.	PE	20
CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.	PE	20
CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.	PE	20
CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.	PE	20
CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.</b>
Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.
A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.
Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.
A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.
A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.
A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A EMPRESA E O SEU CONTORNO. IDEA EMPRENDEDORA. MARKETING	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
<b>RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento</b>		
CA4.1 - Identifícanse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.	PE	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.	PE	20
CA4.3 - Diseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.	PE	20
CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.	PE	5
CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.	PE	20
CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.	PE	10
CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.	PE	10
CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades</b>
Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.
Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.
Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.
Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	PROXECTO SOCIAL E SOSTIBLE. FORMAS XURÍDICAS, VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCEIRA.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
<b>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</b>		
CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.	PE	15
CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo productivo.	PE	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.	PE	5
CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	5
CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	10
CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.	PE	20
CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.	PE	20
CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC5 - Proxecto emprendedor.</b>
Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.
A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.
Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.
Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.
Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	EMPRESA.	1

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
<b>RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral</b>		
CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.	OU: EMPRESA	20
<b>RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade</b>		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.	OU: EMPRESA	20
<b>RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.</b>		
CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.	OU: EMPRESA	20
<b>RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento</b>		
CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.	OU: EMPRESA	20
<b>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</b>		
CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.	OU: EMPRESA	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.</b>
Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.
<b>BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.</b>
Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.
<b>BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.</b>
Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.
<b>BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades</b>
Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.
<b>BC5 - Proxecto emprendedor.</b>
Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

### 3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	A BÚSQUEDA DE EMPREGO.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Procesos selectivos de emprego. Estratexias para a inserción laboral.	Cada alumno elabora un dossier de emprego, onde Planificará a busca, Encontrará ofertas e Responderá para conseguir o posto. Analizáanse técnicas de selección de persoal tanto no sector público como no privado. Constrúese unha marca persoal.	4

#### Criterios de avaliación

#### RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.

CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.

CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.

#### Contidos

#### BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.2 - Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.

C1.3 - Actualización de currículum vitae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.

C1.4 - Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.

C1.5 - Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.

C1.6 - Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

#### Obxectivos específicos

Coñecer as técnicas de selección de persoal.

Desenvolver estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas no sector.

Valorar as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.

Construír a marca persoal.

#### Resultados ou produtos

Actividades resoltas, dossier de emprego.

**Recursos específicos**

Alua virtual, apontamentos, páxinas web especializadas.

UD	Título da UD	Duración
2	COMPETENCIAS PERSOAIS E SOCIAIS.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Hard skills e soft skills. A comunicación.	Exposición da teoría sobre competencias persoais e sociais, diferenciando habilidades duras e brandas. Afondamento na comunicación.	1

**Criterios de avaliación**

**RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade**

CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.

CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.

**Contidos**

**BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.**

C2.1 - Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.

**Obxectivos específicos**

Valorar a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector da hostalaría e turismo.

Utilizar as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos.

**Resultados ou produtos**

Actividades resoltas.

**Recursos específicos**

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos...

	Actividade	Descrición	Duración
2	Traballo en equipo e xestión do tempo.	Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisión e aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible.	2

**Criterios de avaliación**

**RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade**

CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto

individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.

### Contidos

#### **BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.**

C2.3 - A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.

### Obxectivos específicos

Desenvolver correctamente o traballo en equipo.

Participar de maneira activa no logro duns obxectivos compartidos polo equipo.

### Resultados ou produtos

ACTIVIDADES RESOLTAS.

### Recursos específicos

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Intelixencia emocional e xestión de conflitos.	Reflexiónase sobre a xestión das dificultades facendo uso das estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.	1

### Criterios de avaliación

#### **RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade**

CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.

CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.

CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.

### Contidos

#### **BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.**

C2.4 - Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.

### Obxectivos específicos

Canalizar as emocións.

Reaccionar axeitadamente fronte ós conflitos.

**Resultados ou produtos**

Actividades resoltas.

**Recursos específicos**

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.

UD	Título da UD	Duración
3	O EMPRENDEMENTO: EMPRENDEDORES, INNOVACIÓN E HABILIDADES EMPRENDEDORAS.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	DA IDEA A REALIDADE: habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación.	Exposición dos conceptos básicos: Creatividade e innovación, cultura emprendedora. Identificación das habilidades para o emprendemento.	2

#### Criterios de avaliación

**RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.**

CA3.1 - Identifícase o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.

CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.

CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.

#### Contidos

**BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.**

C3.1 - Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.

C3.2 - A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.

C3.3 - Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.

#### Obxectivos específicos

Identificar o concepto de innovación e relacionalo co concepto de sostibilidade.

Aplicar as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.

#### Resultados ou produtos

Actividades resoltas.

#### Recursos específicos

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos...

	<b>Actividade</b>	<b>Descrición</b>	<b>Duración</b>
2	Modernización do sistema productivo cara un modelo sostible.	Valórase a importancia da competencia dixital como fonte de innovación e valóranse as iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o medio ambiente como estratexia empresarial.	2
<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p><b>RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector productivo cara a un modelo sostible.</b></p> <p>CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector productivo.</p> <p>CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.</p>			
<p><b>Contidos</b></p> <p><b>BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector productivo.</b></p> <p>C3.5 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.</p> <p>C3.6 - A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.</p> <p>C3.7 - A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible</p>			
<p><b>Obxectivos específicos</b></p> <p>Aplicar a competencia dixital para mellorar os procesos de innovación.</p> <p>Incorporar os ODS á estratexia empresarial.</p>			
<p><b>Resultados ou produtos</b></p> <p>Actividades resoltas.</p>			
<p><b>Recursos específicos</b></p> <p>Aula virtual, apontamentos, páxinas web , vídeos.</p>			

UD	Título da UD	Duración
4	A EMPRESA E O SEU CONTORNO. IDEA EMPRENDEDORA. MARKETING	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise da contorna: Técnicas para a xeración de ideas.	Exposición de conceptos básicos: idea de negocio, tipos de mercado, segmentación, contorna xeral e específica.	3

#### **Cráterios de avaliación**

#### **RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento**

CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.

CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

#### **Contidos**

#### **BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades**

C4.1 - Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

C4.2 - Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.

#### **Obxectivos específicos**

Conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

Analizar a economía circular.

Analizar os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

#### **Resultados ou produtos**

Actividades resoltas.

#### **Recursos específicos**

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.

	<b>Actividade</b>	<b>Descrición</b>	<b>Duración</b>
2	Deseño dun modelo de negocio para o sector.	Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora, incorporando valores éticos, sociais e sostibles. Analizáronse estratexias de márketing	3
<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p><b>RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento</b></p> <p>CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.</p> <p>CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.</p> <p>CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.</p> <p>CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.</p> <p>CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.</p>			
<p><b>Contidos</b></p> <p><b>BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades</b></p> <p>C4.4 - Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.</p>			
<p><b>Obxectivos específicos</b></p> <p>Deseñar un modelo de negocio.</p>			
<p><b>Resultados ou produtos</b></p> <p>Actividades resoltas.</p>			
<p><b>Recursos específicos</b></p> <p>Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.</p>			

UD	Título da UD	Duración
5	PROXECTO SOCIAL E SOSTIBLE. FORMAS XURÍDICAS, VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCEIRA.	7

	Actividade	Descrición	Duración
1	Proxecto emprendedor.	Exposición das nocións básicas sobre emprendemento social.	2

#### **Cráterios de avaliación**

##### **RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna**

CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.

CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.

CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

#### **Contidos**

##### **BC5 - Proxecto emprendedor.**

C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.

C5.2 - A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

#### **Obxectivos específicos**

Analizar os conceptos básicos de emprendemento.

Reflexionar sobre a necesidade de proxectos sostibles e a importancia da dixitalización.

#### **Resultados ou produtos**

Actividades resoltas.

#### **Recursos específicos**

Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.

	<b>Actividade</b>	<b>Descrición</b>	<b>Duración</b>
2	Posta en marcha da empresa.	Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Asesoramento para a posta en marcha da forma xurídica elexida. Fórmulas de economía social. Investimentos e fontes de financiación.	5
<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p><b>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</b></p> <p>CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.</p> <p>CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.</p> <p>CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.</p>			
<p><b>Contidos</b></p> <p><b>BC5 - Proxecto emprendedor.</b></p> <p>C5.4 - Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.</p> <p>C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.</p>			
<p><b>Obxectivos específicos</b></p> <p>Identificar as partes dun proxecto emprendedor.</p> <p>Desenvolver o proxecto.</p> <p>Analizar os investimentos e as fontes de financiación.</p>			
<p><b>Resultados ou produtos</b></p> <p>Actividades resoltas.</p>			
<p><b>Recursos específicos</b></p> <p>Aula virtual, apontamentos, páxinas web, vídeos.</p>			

UD	Título da UD	Duración
6	EMPRESA.	1

	Actividade	Descrición	Duración
1	Formación na empresa.	Formación na empresa.	1

#### Criterios de avaliación

**RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral**

CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.

**RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade**

CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.

**RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.**

CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.

**RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento**

CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.

**RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna**

CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

#### Contidos

**BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.**

C1.1 - Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.

**BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.**

C2.2 - Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.

**BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.**

C3.4 - Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.

**BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades**

C4.5 - Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

### BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

#### Obxectivos específicos

Formación na empresa.

#### Resultados ou produtos

Formación na empresa.

#### Recursos específicos

Formación na empresa

## 5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión o profesor/a que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais coincidencia educativa, dos alumnos que o compoñan. Esta información tomarase como base para o coñecemento do alumnado. Ademais, o profesor encargado de impartir o módulo de IPEII fará unha avaliación inicial para descubrir os coñecementos previos relacionados cos contidos do módulo que o alumnado poidan ter de antemán.

## 6.1. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>24</b>	<b>24</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Outro</b>	0	0	0	0	0	100	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	0	<b>90</b>

### Procedemento e criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL do alumnado farase por medio de probos escritos coa seguinte distribución:

APARTADO A) Un ou varios exames individuais escritos por avaliación. Estes exames consistirán en cuestións teóricas, de resposta curta, longa, verdadeiro ou falso, tipo test e/ou resolucións de problemas, exercicios e supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos nesa avaliación. Estas probas escritas serán realizadas dunha soa unidade didáctica ou varias conxuntamente, e o número de preguntas poderá variar dunha proba a outra.

Cada un dos exames cualificarase cunha puntuación de 1 a 10, esixíndose un mínimo de 5 puntos para superalo. En cada proba indícarase o valor de cada cuestión. No caso de que se realice máis dun exame por avaliación, fázase a media entre eles.

APARTADO B) Realizaranse ademais outras actividades individuais ou en grupo que se valorarán para a obtención da nota da avaliación, como por exemplo, actividades na aula, tarefas de investigación, exercicios, presentacións ... Cada unha destas actividades valorarase de 1 a 10 puntos. Farase a media de todas as actividades feitas perante a avaliación.

A cualificación final de cada avaliación obterase aplicando:

-O 60% á cualificación do apartado A.

-O 40% á do apartado B.

Para aprobar cada avaliación a nota mínima é de 5 puntos sobre 10.

CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final do módulo de IPE II será a nota ponderada das cualificacións obtidas no centro das dúas avaliacións e a cualificación obtida na formación na empresa.

A data de entrega dos traballos é improrrogable, non se recibirá ningún traballo, actividade ou presentación fóra de prazo. O plaxio, copias e reproducións de calquera índole non serán puntuadas, teñen que ser orixinais. O plaxio penalízase coa non corrección. No caso de que a profesora detecte que a elaboración da tarefa se fixo por calquera aplicación de intelixencia artificial, poderá solicitar que devandita tarefa se expoña de maneira oral polo alumno ou alumna.

No caso de que se detecte fraude nalgún exame, este repetirase á maior brevidade posible, procedendo á modificación de devandita proba.

Se un alumno ou unha alumna chega tarde a un exame realizará a proba no tempo restante.

### **Procedemento e criterios de recuperación**

AVALIACIÓN SUSPENSA.

No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, isto é, se non acadase a nota de 5 aplicando os criterios antes mencionados, deberá acudir ao exame de recuperación desa avaliación.

As probas de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos, e considerárase que o alumno/a recuperou cando acadase unha cualificación mínima de 5 puntos. Cando non se recupere o exame suspenso a cualificación obtida non se terá en conta para o cálculo da nota final, tomándose a nota obtida no primeiro exame.

Realizarase unha única proba de recuperación por avaliación.

A profesora emitirá un informe por cada alumno/a que suspendeu o módulo, indicando as actividades que ten que realizar para a súa recuperación.

## **6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

RECUPERACIÓN DE MÓDULO PENDENTE:

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar os traballos que lles vaia indicando a profesora.

Para establecer as actividades que deberá realizar cada alumno/a, o docente do presente curso deberá ter en conta o informe individualizado de avaliación que fixo o docente do curso anterior sobre o alumno.

As actividades que se desenvolverán ao longo do curso deberán cubrir os contidos que terá que superar o alumno/a nesta materia, de conformidade co informe individualizado.

As actividades que se vaian desenvolvendo deberán ser entregadas polos alumno/as dentro dos prazos que para cada unha se establezan. O docente estará a disposición do alumno/a para o seguimento dos traballos e a resolución de posibles dúbidas naquelas horas que figuren no seu cadro horario como visita de alumnos ou noutras que se puideran acordar, sempre dentro das posibilidades das dúas partes.

A materia darase por recuperada se, unha vez entregadas e feitas todas as tarefas e/ou probas escritas propostas, a valoración da alumno/a é superior a 5.

### **6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

#### **PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:**

O alumnado con perda de dereito á avaliación continua deberá entregar as actividades propostas pola profesora dentro dos prazos que se establezan. O docente estará a disposición do alumno/a para o seguimento dos traballos e a resolución de posibles dúbidas naquelas horas que figuren no seu cadro horario como visita de alumnos ou noutras que se puideran acordar, sempre dentro das posibilidades das dúas partes.

Ademáis realizarase un exame no que se avalíen todos os contidos do módulo.

A nota calcularase como a media entre tarefas e exame. A materia darase por superada se o alumnado acada un 5.

### **7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan pór á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

### **8.1. Programación da educación en valores.**

Dentro de cada unha das unidades didácticas establécense os contidos actitudinais, cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Serán motivo de reflexión, e debate coa coeducación, e a interculturalidade como fondo, así como a interacción entre o alumnado e o profesorado para evitar a transmisión de prexuízos, sendo a guía que servirá para enmarcar a adquisición do resto dos contidos e aprendizaxe.

Traballaranse especialmente os seguintes:

1. Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
2. A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
3. Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores.
4. Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.
5. Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.
6. A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos.
7. Análise das profesións con menor índice de presenza feminina.
8. Emprego de ferramentas que respecten a propiedade intelectual dos autores. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

### **9.1. Actividades complementarias e extraescolares.**

O DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, sinala no seu artigo 15. Actuación, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade, que entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia, están, entre outras, as actividades complementarias e extraescolares.

As actividades que se van a desenvolver no presente curso son:

- Talleres sobre primeiros auxilios: durante a 1ª avaliación, para coñecer actuacións en caso de emerxencia, loita contra incendios e primeiros auxilios.
- Visitas á empresas.
- Aquelas realizadas en colaboración coa aula de emprendemento.
- Todas as que se acorden no departamento de FOL.

### **10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir. Dito seguimento recollerase mensualmente na aplicación de programacións, e será remitido mensualmente ao titor ou titora correspondente, a través da plataforma de calidade que existe no centro.

Ao remate de cada trimestre farase unha nova avaliación en conxunto do mesmo, coa finalidade de analizar o impartido durante ese período e os resultados obtidos. Desta avaliación deberanse extraer datos para poder revisar a programación de cara a vindeiros anos.

Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar un informe final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais, etc.)

Ademais do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa labor docente que son realizadas tódolos cursos aos alumno/as, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente de cada un dos seus profesores.

Alguns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación de tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo: relación entre os alumnos e entre alumnado e profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

### **11.1. Outros apartados.**

#### **1. PROGRAMACIÓN PARA O ALUMNADO DO PLAN VELLO DE ORDENACIÓN.**

O alumnado que decidiu concluir os seus estudos ao abeiro do plan vello de ordenación, seguirá esta mesma programación elaborada en PROENS para o actual grao D.